

En Vigo, sendo as 11:00 horas do martes 29 de outubro de 2019, réunese o Xurado dos Premios Gran de Area 2019. De acordo co previsto nas Bases dos Premios, o Xurado está integrado polas seguintes persoas:

- D. Manuel Martínez Carazo, en calidade de Presidente da Delegación en Vigo do COAG
- D. Rafael Castro Armesto, en calidade de Presidente da Delegación en Ourense do COAG.
- D. Anselmo Villanueva Peón, en calidade de Presidente da Delegación en Pontevedra do COAG.
- D. Antonio Soliño Troncoso, colexiado da Delegación de Vigo seleccionado pola Xunta Directiva de Vigo.
- D. Pablo Falcón Novoa, colexiado da Delegación de Ourense seleccionado pola Xunta Directiva de Ourense.
- Dna. Cristina García Fontán, colexiada da Delegación de Pontevedra seleccionada pola Xunta Directiva de Pontevedra.
- D. Alberto Quintáns Arrondo, colexiado seleccionado entre os premiados nos Premios “Gran de Area” da edición anterior, consensuado polas tres Delegacións.
- Dna. María Luisa Pierres López, en calidade de Secretaria da Delegación en Pontevedra do COAG, que actúa como secretaria do Xurado, con voz pero sen voto.

O Xurado quere manifestar, tras unha primeira revisión de todas as candidaturas, a satisfacción ó corroborar o incremento de obras presentadas respecto doutros anos, un total de 75, e a constatación da gran calidade de todas elas, que premiadas ou non, son testemuño do bo facer, do talento e do esforzo agochado tras cada traballo. Un resultado que reúna o mellor dos e das arquitectas, pero tamén de todos os axentes de obra que os acompañan, apareladores, promotores, enxeñeiros, construtores e incluso artesáns da madeira ou do metal, entre outros e outras.

Trala revisión e deliberación, de algo máis de 5 horas, o xurado decide finalmente a selección de 14 das 75 obras ou proxectos, e que resultaron ser as seguintes:

### **REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR**

**Ferrería 8, Vigo**

RAMÓN VIÉITEZ RODRÍGUEZ | ALBERTO CEBRAL LOUREDA

Pola habilidade na incorporación da luz cenital como elemento conformador da vivenda, coa dificultade engadida da mínima e singular morfoloxía da parcela nun entorno moi consolidado dun casco histórico.

### **STAND NAVALIBER.**

**Navalia 2018**

PABLO MENÉNDEZ PAZ

Pola uso da cor como elemento identitario pero sen renunciar á elegancia que aporta unha malla estrutural que xoga co perfecto equilibrio entre contundencia e fraxilidade.



**REFORMA, ACONDICIONAMENTO E ACTIVIDADE PARA CLÍNICA OFTALMOLÓXICA. CLÍNICA JAVIER FERNÁNDEZ ULLOA.**

Rúa Colón, nº3, Vigo

PABLO MENÉNDEZ PAZ

Pola súa linguaxe perfectamente integrada na fachada do edificio preexistente, e pola elegancia e acerto no deseño de todos os elementos arquitectónicos e icónicos que conforman o proxecto.

**VIVENDA UNIFAMILIAR DVL**

Urbanización Pazo de Ramirás, 39 – Ourense

MANUEL JORRETO DÍAZ (Col. 2226)

Pola súa correcta implantación no lugar, dando unha elegante solución a unha topografía de forte pendente, así como pola súa serena e contundente solución volumétrica, cunha materialidade adecuada ó seu entorno.

**RESTAURACIÓN DE FONTE DA TORRE. PROGRAMA DE RESTAURACIÓN DO GRUPO DE FONTES HISTÓRICAS “FONTES DO CAMIÑO”**

Caldas de Reis. Pontevedra

JOSE LUIS GIL PITA

Pola seu respectuoso tratamento dun elemento patrimonial e histórico e pola acertada incorporación e posta en valor dos oficios tradicionais na intervención.

**REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE CENTRO DE ACTIVIDADES DE MONTAÑA CON ALOXAMENTOS**

Lugar de Frinxo, Tui

ALFONSO SALGADO SUÁREZ (COL.1913) | FRANCISCO XABIER LIÑARES TUÑEZ (COL 2674) | SALGADO E LIÑARES, SLP (30009)

Pola correcta integración no lugar de todo o conxunto edificado, tanto as novas construcións como os volumes rehabilitados, nun equilibrio perfecto entre volumetrías tradicionais e materialidade, o que permite a posta en valor do entorno.

**VIVENDA UNIFAMILIAR**

Lugar Cortiñas de Abaixo – Corbillón – Cambados

FRANCISCO GALIÑANES CHAVES (COL. 3477)

Por conseguir unha relación perfecta entre interior e exterior, cun uso moi acertado dos patios, dos materiais e da luz, perfectos protagonistas e artífices da serenidade e contundencia desta vivenda.

**EDIFICIO FARADAY**

Etea, Vigo

ABALO ALONSO ARQUITECTOS | ELIZABETH ABALO E GONZALO ALONSO

Polo respectuoso trato da arquitectura preexistente, nun exercicio de intencionadas contencións, así como pola eficacia funcional do programa proposto.



## **REFORMA INTERIOR DE PISO DE GRANDES DIMENSIÓNS PARA DÚAS VIVENDAS**

Rúa Marqués de Valladares, Vigo

DAVID VÁZQUEZ GARCÍA (COL. 4275)

Pola acertada optimización do espazo cunha habilidosa organización das dúas vivendas, dotándoas dun programa máis contemporáneo do preexistente, así como pola actualización das envolventes que favorecen un maior confort e aforro enerxético.

## **VIVENDA UNIFAMILIAR AILLADA SA**

Irmáns Noia Xil, esquina rúa O Rosal s/n – A Guarda

XAVIER POUSA ARBONES (COL. 3581)

Pola habilidosa resolución do programa nunha parcela de complicada topografía e morfoloxía, así como polo agradecido uso dos materiais e solución de fachada.

## **CASA PARA UNHA ARTISTA**

Rúa Vista Alegre, Vigo

CASTROFERRO ARQUITECTOS | MARÍA PILAR GONZÁLEZ FERRO (COL. 3087) | JORDI CASTRO ANDRADE (COL. 3210)

Pola súa proposta que, desposuída de complexos, recupera os vellos elementos construtivos e fai deles parte da nova coreografía na que unha construción directa e sincera fan que a casa adquira unha nova identidade, chea de significado.

## **PARQUE ARQUEOLÓXICO E CENTRO DE INTERPRETACIÓN E DOCUMENTACIÓN DA ARTE RUPESTRE**

Campo Lameiro, Pontevedra

ALBERTO REDONDO PORTO (COL. 1646) | JOSE MARTÍN VALLADARES DURÁN (COL.2173) | MARCIAL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (COL.2288) | REDONDO VALLADARES Y RODRÍGUEZ, SLP (COL. 20105)

Por tratarse dunha obra que ten demostrado a súa exquisita pervivencia no tempo, cun uso destacado da pedra como material da fachada, pero resolto cunha singular solución que lle outorga ó edificio unha tectónica afastada dos convencionalismos pero á vez moi vencellada á tradición e entorno na que se encadra.

## **REHABILITACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL**

Lugar de Pousada. Parroquia de Callobre, 3 – A Estrada, Pontevedra

ALBERTO REDONDO PORTO (COL. 1646) | JOSE MARTÍN VALLADARES DURÁN (COL.2173) | MARCIAL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (COL.2288) | REDONDO VALLADARES Y RODRÍGUEZ, SLP (COL. 20105)

Por ser exemplo da posta en valor da arquitectura tradicional desde a sensibilidade no uso dos materiais, a contención no uso de novos elementos e o respectuoso uso das volumetrías preexistentes.

## **ZENVISIÓN**

Tui, Pontevedra

JORGE ENRÍQUEZ MÉNDEZ

Polo firme aposta no uso dun material único que permite a resolución de moitos dos elementos que requiría o programa, e por demostrar á perfección a importancia e peso da estratexia proxectual no éxito final dunha obra, máis alá dos condicionamentos orzamentarios.

Remata a reunión levantándose a sesión ás 16:10 h.